

IV. HISTORIA CONTEMPORÁNEA

CABANA IGLESIA, Ana: *Xente de orde. O consentimento cara ao franquismo en Galicia*. A Coruña, TresCtres Editores, 2009, 304 páxs. ISBN: 978-84-92727-12-4

Durante moitos anos, as investigacións históricas realizadas dende os máis diversos ámbitos tiveron como punto de remate o ano 1936. O inicio da guerra civil marcaba un punto de inflexión, un antes e un despois que facía as veces dunha barreira simbólica que os historiadores non se atrevían a franquear como non fose para analizar a resistencia articulada por certos sectores da poboación. Os estudos sobre a represión contribuíron a abrir as primeiras fendas nese muro na medida en que a documentación manexada permitiu poñer de relevo aspectos como os apoios sociais, o poder local e as estratexias adaptativas desenvoltas pola poboación durante *os anos de medo e fame*. Constatar, en definitiva, canto de verdade agochábase na advertencia de Tayllerland acerca de que «coas baionetas poden facerse moitas cousas, agás sentar sobre elas», mesmo cando do franquismo estamos a falar.

A sublevación militar deu orixe ás máis diversas situacións, e múltiples e cambiantes no tempo foron tamén as respostas adoptadas pola poboación galega. Por unha banda, é evidente que os golpistas impuxéronse grazas ao exercicio da forza, do mesmo xeito que a vitoria na guerra proporcionoulles, dende a súa óptica, esa particular «lexitimación» da que carecían *ab initio*. Por outra, coa súa institucionalización, as actitudes sociais foron do máis variado: dende a indiferenza e a pasividade, fomentadas mediante o uso de métodos coactivos e de control social, a outras de apoio difuso de certos elementos que atoparon no réxime a satisfacción a toda unha serie de demandas —non só de tipo material senón tamén simbólico—, pasando polo compromiso público canalizado a través de todo o aparello propagandístico e institucional do que se dotou ao longo do seu proceso de implantación.

O réxime nunca tivo intención de integrar á totalidade dos vencidos, pero o seu afán de supervivencia levouno a non excluír por completo aos «arrepentidos» e aos que estaban dispostos a non combatelo. Consonte con este punto de vista, a autora defende que o franquismo non se distinguiu polo desexo de crear unha verdadeira «comunidade nacional» a pesares da súa obsesión por reeducar aos desafectos. Perdurar no poder foi o seu fin primordial, e por iso a súa acción estivo orientada a «manter a prosperidade e a seguridade de todos os que supoñían a súa base social e lexitimar o seu dominio mediante a súa ‘política social’» ao tempo que exercía «unha violencia instrutiva e represiva».

Daquela, «adaptación» é, como noutros ámbitos, o concepto que mellor expresa a realidade que describe Ana Cabana no seu traballo, centrado no mundo rural galego dos anos corenta e cincuenta. Un estudo que, fronte ás teses do «excepcionalismo» e da «culpabilización colectiva», comeza por situar ao franquismo dentro da normalidade do devir histórico español e por reivindicar o uso do concepto de «consentimento» para describir a ampla gama de relacións e actitudes entre gobernantes e gobernados que posibilitaron a estabilidade do réxime saído dos campos de batalla.

O achegamento ás formas e aos ámbitos de adaptación no rural galego constitúe o cerne esencial desta investigación na que o lector poderá atopar interesantes reflexións sobre o papel da represión, a coerción e o sistema de vixilancia imposto polo franquismo como elementos esenciais para entender o freo ao desenvolvemento de formas de acción colectiva de oposición e, ao tempo, como xermolo de resistencia civil; sobre a percepción positiva dunha parte da sociedade respecto á «volta á normalidade» que significou a consolidación da ditadura, mesturada cunha acusada desconfianza e ausencia de esperanza nun hipotético cambio; sobre o auténtico significado da «fame negra» dos anos corenta, respecto da cal a autora considera que non se tratou tanto dunha estratexia do Estado para controlar á poboación e asegurar a súa submisión senón que foi o produto dunha errada política económica autárquica de catastróficos resultados mesmo dende o punto de vista do perigo que representaba como xeradora de descontento e descrédito para o réxime; sobre a corrupción, o fraude e o mercado negro como xeradores de integración para aqueles que se aproveitaban dos mesmos e de exclusión para os que non podían acceder aos beneficios que proporcionaban; sobre os que foron retribuídos coa reserva de prazas e postos para premiar a súa colaboración cos sublevados durante a guerra civil e os favorecidos pola política agraria desenvolta polo réxime; sobre quen se beneficiaron das políticas sociais desenvoltas por aquel, que as utilizou habilmente para ampliar os seus apoios e a fortaleza das redes clientelares que se desenvolveron ao seu redor; sobre os intentos de lexitimación da ditadura mediante o encadramento político e ideolóxico da poboación e o emprego de mecanismos de socialización política que, en opinión de Ana Cabana, máis que a mobilización de masas pretendían conseguir a aceptación pasiva do franquismo; sobre o papel dos párrocos como fiscalizadores da conduta dos seus fregueses e a importancia das denuncias para a formalización do consentimento e a imposición dun sistema de autovixilancia das propias comunidades rurais, etc.

Despois de pasar revista a estes aspectos, a autora conclúe que o consentimento non deixou espazo para o desenvolvemento dunha oposición activa ao réxime, pero si para actitudes de descontento, pois a adaptación, situada entre a adhesión fervorosa e o antifranquismo, comportou actitudes certamente ambiguas. Pero

que a adaptación fose a opción máis estendida no conxunto da poboación non significou que a sociedade rural galega non coñecese a disidencia, o conflito e o descontento. O que non se tería producido foi unha xeneralización dos marcos de inxustiza por non terse realizado unha culpabilización directa do réxime, de xeito que o máis socorrido foi a busca de solucións individuais a través do favor persoal en troques de dar orixe a un actor colectivo que loitase por promover un cambio favorable aos seus intereses. Daquela, as experiencias cotiás dos cidadáns correntes, sempre contraditorias e complexas, resultan esenciais para entender como o réxime puido asentarse ao longo do período estudado combinando habilmente consentimento, represión e coerción.

Julio Prada Rodríguez
Universidade de Vigo

GRANDÍO SEOANE, Emilio: *A Segunda República en Galicia. Memoria, mito e historia*. Vigo, Edicións Nigra Trea, S.L., 2010, 285 páx. ISBN: 978-84-95364-96-8

A Segunda República segue a ser, en opinión de E. Grandío, unha grande descoñecida para a inmensa maioría da sociedade galega, «un mundo alleo, misterioso e hermético» sobre o que tampouco existe un consenso maioritario verbo do seu significado e consecuencias. Pola contra, como de xeito oportuno trae a colación a cita de Antonio Muñoz Molina que precede ao estudo, as oito décadas transcorridas dende a instauración do réxime republicano parecen ter sido suficientes para asentar un conxunto de «ficcións sentimentais moito máis levadías para a conciencia colectiva» que a amarga verdade confinada nos libros de historia.

Engadamos a isto o feito de que a historiografía galega non está precisamente sobrada de traballos monográficos sobre o que foi o primeiro ensaio democrático da España do século XX, a pesares do que se ten avanzado nos últimos anos en apartados como a dinámica política, as elites de poder local, o problema da violencia ou o impacto dos acontecementos revolucionarios de outubro de 1934 e do que xa coñecíamos por investigacións anteriores á década dos anos noventa. A apertura de fontes tan importantes como os sumarios incoados pola xurisdición castrense, os arquivos xudiciais e as fontes policiaís constitúen, xunto cos contados arquivos privados que nos foron legados, unha das bases esenciais sobre a que as novas pescudas deben pivotar para avanzar no coñecemento desta etapa tan transcendental e apaixonante.

A obra estrutúrase en seis capítulos, precedidos dunha introdución, que abordan outras tantas cuestións cruciais que aínda hoxe son “e seguirán sendo” obxecto de controversia no ámbito historiográfico e que, con frecuencia, tenden a ser simplificadas en forma de tópicos de fácil consumo social. O mesmo dende secto-

res progresistas que fixeron da Segunda República unha Arcadía na que se concentraban todas as virtudes da democracia, que dende os reaccionarios, para os cales aquela experiencia non foi outra cousa que a encarnación do caos, a anarquía e a antipatria. Neste punto, a xuízo de Grandío, os historiadores deben actuar como «axitadores de consciencias e descubridores de medias verdades (...) para reconecer-mos e pechar definitivamente feridas».

O primeiro capítulo está dedicado á instauración do novo réxime, e nel o autor trata aspectos como o agromar da oposición á Ditadura de Primo de Rivera en Galicia, o resultado das eleccións de abril de 1931 ou o proceso de xeración e consolidación das novas elites republicanas, así como o intento de acomodación de sectores procedentes da «vella política». Destaca Grandío o significado da «revolución incruenta» que implica a toma do poder por parte dos sectores republicanos e o papel xogado polas novas corporacións locais no proceso de asentamento da República.

O capítulo segundo analiza o proceso de relativa modernización política que supón a consolidación dun subsistema de partidos en Galicia e as peculiaridades que presenta a xestión do poder local. Respecto aos primeiros, sintetiza a xénese e actuación das tres principais forzas políticas actuantes en Galicia: o «casarismo» —dende o experimento da ORGA á súa integración en *Izquierda Republicana*, pasando pola experiencia da *Federación Republicana Gallega* e o *Partido Republicano Gallego*—, o Partido Republicano Radical e a *Unión Regional de Derechas* —unha organización de ámbito galego que nos primeiros meses de 1933 integrouse na CEDA e que xa fora obxecto de atención polo autor na súa tese de doutoramento. Con relación ao poder local, Grandío Seoane incide na diferenza de ritmos no cambio institucional e de xestión do poder, así como nas grandes liñas de evolución das primeiras corporacións republicanas, sempre a expensas das mudanzas da alta política estatal e, daquela, nunha incómoda sensación de «interinidade» que lastrou a súa capacidade de xestión e de actuación.

A dinámica política é obxecto central do terceiro capítulo, dedicado a estudar tanto a complexidade do sistema electoral adoptado polo réxime republicano como os resultados das eleccións constituíntes de xuño de 1931 e novembro de 1933. As grandes liñas evolutivas da dinámica política galega durante estes anos son ben coñecidas, pero aínda é necesario profundar en determinados aspectos, como o proceso de negociación das elites partidarias cos diferentes poderes locais ou a dimensión real do fraude electoral en determinados comicios, algo que ao autor tampouco lle resulta descoñecido grazas a investigacións anteriores.

As difíciles relacións entre o Estado a Igrexa durante os dous primeiros bienios republicanos constitúen o eixe sobre o que pivota o cuarto capítulo da obra. Os matices do discurso da Igrexa segundo qué momento do quinquenio republicano, o seu papel na articulación da dereita en Galicia e o impacto e a transcendencia

real da violencia anticlerical son aspectos que teñen un oco neste apartado, cada vez mellor coñecido a raíz das publicacións aparecidas nos últimos anos pero que segue a ter pendente un uso sistemático dos arquivos parroquiais e diocesanos para enriquecer as interpretacións existentes.

O impacto dos acontecementos revolucionarios de outubro de 1934 é analizado no capítulo quinto do libro de E. Grandío. Sen dúbida este é un deses momentos de inflexión capitais no devir futuro da República e sobre o cal xa contamos con dúas aproximacións provinciais de interese á espera de completar a imaxe que temos sobre o acontecido en Lugo e Pontevedra. Máis aló da transcendencia concreta dos feitos en cada comarca de Galicia, a dinámica represiva, os cambios acontecidos no poder local e o proceso de recomposición das alianzas políticas son outros tantos elementos centrais nos que cómpre aínda avanzar para alcanzar unha correcta comprensión destes sucesos que, como o autor sinala, danaron gravemente á República.

O capítulo sexto pasa revista aos cinco meses que transcurren entre a vitoria da Fronte Popular e o preludio do golpe de Estado, cuxo fracaso conducirá á guerra civil. Unha etapa na que, logo dunhas eleccións lexislativas con elevados niveis de fraude en numerosas seccións, unha nova xeración de dirixentes accede ao poder local a raíz do cambio de maiorías no Parlamento. Son meses dunha intensa axitación sociopolítica nos cales os conflitos sociolaborais, o anticlericalismo e a violencia política conviven coas esperanzas, frustradas polo golpe, de asentarse a experiencia republicana —que cada quen entendía ao seu xeito— e ver culminado o proceso autonómico.

Pechan a obra unhas breves conclusións e unha cronoloxía na que se recollen algúns dos feitos máis destacados desta etapa a nivel galego e estatal.

Unha obra que, malia o seu carácter de síntese, contribúe a situar no seu xusto lugar algúns dos elementos referenciais obxecto de controversia da breve, pero intensa, experiencia republicana; que pon en cuestión e nos invita a reflexionar en profundidade sobre algunhas desas «ficcións sentimentais» tan estendidas na actualidade.

Julio Prada Rodríguez
Universidade de Vigo

PRADA RODRÍGUEZ, Julio: *La España masacrada. La represión franquista de guerra y posguerra*. Madrid, Alianza Editorial, 2010, 456 páxs. ISBN: 978-84-92727-12-4

Os estudos sobre a guerra civil e a represión franquista coñeceron un inusitado florecer desde mediados dos anos noventa, proliferando daquela as publicacións

que, con desigual fortuna, pretendían iluminar tal ou cal aspecto da mesma nun ámbito territorial concreto. Non abundan, pola contra, os traballos de síntese, solidamente documentados, que dean unha visión global da represión en todos os ámbitos e a nivel do Estado.

Tal semella ser a pretensión desta obra, organizada en nove capítulos que ofrecen unha visión actualizada e sintética das diferentes facianas da represión franquista e dos debates encol da denominada «memoria histórica», precedidos dun prólogo no que o autor reflexiona sobre a necesidade de seguir escribindo sobre a guerra civil e a represión; non para axitar os rescaldos da división, senón para, segundo as súas palabras, «substituír a ineficiente máxima de “esquecer o pasado para construír o presente” pola de “lembrar para camiñar seguros (...) e construír un futuro ilusionante e sen exclusións”». Certamente, revisar as diferentes «memorias» existentes sobre a guerra civil e a ditadura dende o coñecemento da verdade histórica non pode ser, nos nosos días, sinónimo doutra cousa que de liberdade, respecto e tolerancia, o que semella deixar sen argumentos sólidos aos que aínda hoxe persisten na tentación de silenciar os aspectos máis comprometidos do noso pasado histórico.

Precisamente o primeiro apartado está dedicado a reflexionar sobre o debate, tan de actualidade, encol do revisionismo, a historia e a memoria histórica. Despois de pasar revista aos diferentes xeitos que teñen os países de axustar contas cun «pasado incómodo», Prada analiza as etapas e os tempos que separan a «memoria fracturada» da guerra civil resultante do triunfo do bando franquista e os esforzos actuais por «rehabilitar» a memoria dos vencidos. O autor non semella moi optimista respecto das posibilidades de chegar a unha «memoria consensuada» sobre o réxime na medida en que a guerra civil e a ditadura non se converteron nun elemento de reconciliación como consecuencia, en gran parte, da non completa socialización das diferentes xeracións nos valores do antifranquismo.

O capítulo segundo contextualiza a conspiración militar, a toma do poder polos rebeldes e o tránsito entre o golpe de estado e a guerra de exterminio como consecuencia do fracaso no intento de impoñerse rapidamente pola forza. Os capítulos terceiro e cuarto están dedicados á análise da represión física implementada polos sublevados. En primeiro termo, o autor pasa revista ás diferentes modalidades do que denomina «represión paralegal», aos seus suxeitos activos e pasivos, á súa dinámica interna, á cuestión da responsabilidade última da mesma e aos obxectivos a que serve ao tempo que explica as razóns do seu declive a favor doutras modalidades normativizadas que implican o sometemento da violencia a uns parámetros formais e a unhas regras de actuación para dotalas dunha aparencia de xuridicidade. Como queira que fose, a xuízo de J. Prada, o «terror quente» e o proceso de «xuridificación do terror» non constitúen en puridade dúas represións diferentes, senón que integran un mesmo proceso represivo dividido en dúas gran-

des etapas nas que predomina unha ou outra modalidade, aínda que con presenza de ambas en cada unha delas.

O sistema penitenciario franquista é o obxecto do capítulo quinto da obra. A inexistencia dunha quebra institucional na España rebelde permitiu que os sublevados aproveitasen as estruturas carcerarias e penitenciarias herdadas. Improvisación e adaptación ás novas circunstancias caracterizan estes primeiros intres nos que a inxente cantidade de detidos obriga a habilitar centos de novos espazos de reclusión en toda a xeografía estatal. A inicial atomización vai dar paso á articulación dun sistema penitenciario cada vez máis complexo que convive con outras realidades máis dependentes da dinámica dos acontecementos bélicos, caso dos campos de concentración.

Os capítulos oito e nove están dedicados a analizar outras facianas da represión franquista ás que a historiografía aínda non prestou tanta atención: a represión económica e a depuración administrativa. A primeira delas presentou diversas formas na España rebelde. Dende o momento en que se concreta o golpe de Estado, as confiscacións regradas e non regradas levadas a cabo polas máis diversas instancias de poder estiveron á orde do día, como tamén as multas impostas por unha chea de condutas e omisións. Porén, os rebeldes tampouco tardaron en «formalizar» este proceso coa creación, primeiro, das Comisións de Incautación, e máis tarde de toda a armazón normativa que conflúe na xurisdición especial de Responsabilidades Políticas. Neste ámbito é de destacar como, segundo o autor, foron precisamente as provincias que caeron en poder dos rebeldes dende os primeiros momentos as que máis padeceron os efectos desta modalidade represiva, non sendo infrecuente casos nos que a aprobación da Lei de 9 de febreiro de 1939 supuxo unha minoración das sancións impostas en fases anteriores.

Aínda son escasas as monografías provinciais que profundan nos diferentes colectivos vítimas da depuración administrativa, máis abundantes, en calquera caso, en ámbitos como o Maxisterio. Isto non é obstáculo para realizar unha síntese das diferentes fases do proceso e tampouco para albiscar os resultados do mesmo: milleiros de persoas promocionadas aos máis diversos cargos, postos e empregos que uniron o seu propio futuro ao da «causa nacional», ampliando así o círculo dos vencedores e sentando as bases dunha burocracia fiel, submisiva e pouco cualificada que rematou por converterse nun dos piares do réxime durante boa parte do seu devir histórico.

A vitoria na guerra civil do bando franquista non supuxo a fin da represión, aínda cuantitativamente moi importante ao longo de toda a década dos anos corenta. Porén, o réxime, aguillado polo cambio na conxuntura internacional e a propia situación interna, comezou a dar os primeiros pasos en materia de excarceración de presos e «liquidación» das «responsabilidades» derivadas da guerra civil. Nunca

a amnistía estivo nos seus plans, como tampouco a renuncia a continuar exercendo unha represión sistemática e modulada da disidencia, pero a intensidade da purga e as propias condicións da posguerra fixeron innecesaria unha volta aos niveis anteriores. O sistema de autovixilancia, o control social e a coerción —obxecto do capítulo oitavo— foron suficientes para conxurar calquera ameaza seria para a estabilidade do réxime que, daquela, puido dedicarse a fomentar adhesións e consensos en procura da súa propia lexitimación.

O derradeiro capítulo está dedicado á comparativa entre as dúas represións e á espiñenta cuestión das cifras. Prada salienta as dificultades para dar por pechado este debate debido, por unha banda, á inexistencia dun consenso xeneralizado sobre qué debe de entenderse por «represión física con resultado de morte» entre os investigadores e á ausencia de metodoloxías homologables e, por outra, aos baleiros que seguen a existir sobre determinadas provincias e comarcas.

Estamos, por conseguinte, ante unha obra de síntese moi ben documentada e altamente recomendable, que acredita o coñecemento profundo da historiografía especializada por parte do autor, como corresponde á súa propia e xa longa traxectoria investigadora.

Domingo Rodríguez Teijeiro
Universidade de Vigo

RODRIGUEZ TEIJEIRO, Domingo: *Presos e prisións na Galicia de guerra e posguerra, 1936-1945*. Vigo, Ed. Galaxia, 2010, 314 páxs. ISBN: 978-84-9865-298-7

Durante las décadas de los ochenta y noventa del siglo pasado los estudios sobre la represión franquista centraban su interés en las víctimas de la represión física y, de manera especial, en su cuantificación, pero con el inicio del nuevo siglo se produce un cambio en los intereses de los historiadores que se acercan a este objeto de estudio. En 2001 Javier Rodrigo¹ señalaba que estaba teniendo lugar lo que él denominó un “salto cualitativo” en el que el debate sobre las cifras estaba siendo superado, abriéndose paso otro tipo de temáticas más próximas al estudio de la represión en la vida cotidiana, de tal modo que los temas se multiplican y comienza a aparecer trabajos relacionados con la represión de género, los campos de concentración, las cárceles, etc. Campos de concentración y cárceles, los “espacios de reclusión”, junto con los destacamentos penales y batallones de trabajadores, serán durante los últimos años, efectivamente, algunas de las cuestiones que reci-

1 Rodrigo, J., “La bibliografía sobre la represión franquista: hacia el salto cualitativo”, en *España Contemporánea*, nº 19, Turín, 2001, p. 151.

ben mayor atención por parte de los investigadores, de lo que es buena prueba la importante participación y las comunicaciones presentadas al Congreso celebrado en Barcelona en el año 2002 bajo el título *Los Campos de concentración y el mundo penitenciario durante la guerra civil y el franquismo*². Es indudable que este congreso marca el punto de arranque de una producción editorial en constante incremento y que no se ha detenido hasta el presente, también lo es la influencia que han tenido la propia estructura del congreso y los contenidos de las ponencias³ a la hora de marcar los temas y contenidos de muchos de los trabajos posteriores, así como el enfoque metodológico elegido.

No sería desacertado señalar que el estudio de los espacios de reclusión ha vivido un auténtico boom, en gran medida propiciado por la resonancia mediática que ha alcanzado y, sin duda, por la estrecha relación que guarda con la cuestión de la memoria, otro de los grandes puntos de debate en la sociedad española de los últimos años. Pero buena parte de esos trabajos se han centrado sobre la cuestión de los campos de concentración y las diferentes modalidades que adopta la explotación laboral de los presos, las prisiones, en cambio, han recibido menor atención. Son muy pocos los estudios existentes sobre una prisión en concreto y todavía menos los que analizan el sistema penitenciario franquista a nivel general o en un marco geográfico concreto. Desde un punto de vista metodológico, se ha impuesto entre buena parte de los historiadores la tendencia a realizar el análisis de las prisiones franquistas empleando, como principal fuente de información, la memoria de los presos; este enfoque, legítimo, tiene como consecuencia que más que investigaciones sobre los espacios de reclusión se hayan realizado investigaciones sobre las personas presas.

El libro de Domingo Rodríguez propone una perspectiva completamente diferente, adopta un enfoque que cabe calificar como institucional: es la prisión y, por extensión, el sistema penitenciario en su conjunto (tal y como se configura y evoluciona en la Galicia de guerra y posguerra) el protagonista y es la documentación penitenciaria la principal fuente de información. Esto no excluye la memoria de los presos, también presente en la investigación, pero la matiza y enriquece y, sobre todo, contribuye en gran medida a poner en cuestión algunos lugares comunes que se han difundido en la literatura (científica, pero sobre todo entre la de carácter divulgativo), propiciando un conocimiento más completo sobre el tema.

El trabajo se inicia con una apretada síntesis de las normas legislativas que, poco a poco van dando forma al sistema penitenciario franquista. Un proceso que

2 Las Actas, con el mismo título, serán editadas por Sobrequés, J., C. Molinero y M. Sala, Barcelona, Crítica/Museud'Historia de Catalunya, 2003.

3 Molinero, C., Sala, M. y Sobrequés, J., *Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo*, Barcelona, Crítica, 2003.

durante la guerra busca esencialmente constituir un organismo centralizado, algo que no se consigue hasta la creación, en 1938 y dentro del Ministerio de Justicia, de la Jefatura del Servicio Nacional de Prisiones. Un segundo capítulo nos permite ver cómo ese entramado legislativo se traduce en realidades prácticas sobre el territorio gallego: la evolución cronológica del modelo hasta su total integración en el sistema penitenciario y la tipología de los distintos centros de reclusión existentes. Un tercer capítulo se centra en realidades que no son estrictamente penitenciarias, los campos de concentración en Galicia, pero para cuya correcta interpretación es necesario contemplarlos en la estrecha relación que guardan con las prisiones.

Si estos tres primeros capítulos abordan el estudio del “sistema”, los restantes nos llevan al interior de las prisiones. Así, y a partir de fuentes estadísticas, se aportan datos sobre las cifras de presos existentes en Galicia y su evolución en la inmediata posguerra (niveles de ocupación, población reclusa masculina y femenina, presos políticos y comunes). La memoria de los presos juega un papel esencial para conocer lo que fueron las condiciones de vida en estos centros de reclusión: hacinamiento, insalubridad, hambre, falta de higiene y enfermedades, pero aquí se ve complementada por la documentación penitenciaria, que nos permite ver el progresivo empeoramiento de esas condiciones de vida y la forma en que los gestores de las prisiones se enfrentan a las dificultades. El trabajo, las distintas formas de explotación laboral de los reclusos (desde aquellas de carácter irregular durante la guerra hasta los destacamentos penales y talleres que funcionan a pleno rendimiento en la posguerra, que de todos ellos hay muestra en Galicia) se estudian en el marco del sistema de redención de penas, cuya función, como señala el autor va más allá de lo puramente económico para entrar en el ámbito del adoctrinamiento político e ideológico. Pero los reclusos no son meros sujetos pasivos sino que, desde muy pronto, manifestarán diferentes formas de resistencia, desde aquellas de menor intensidad y más cotidianas a otras mucho más organizadas y con carácter político, de todas ellas se da cuenta en el libro.

Finalmente, y a modo de conclusión, el autor reflexiona sobre la función de la prisión en el primer franquismo. Partiendo de la constatación de que todo el sistema penitenciario se crea en función de los presos políticos que son consecuencia directa de la guerra, el autor señala que es necesario mirar más allá de lo meramente punitivo y entender las prisiones como algo más que simples espacios de castigo. El sistema penitenciario franquista será también un vasto mecanismo de imposición ideológica y las prisiones deben entenderse también como espacios de adoctrinamiento cuya función consiste en reeducar a los presos, reconvertirlos a los principios ideológicos y sociales que establece el nuevo régimen antes de permitir que recobren la libertad.

Presos e prisión na Galicia de Guerra e Posguerra viene a llenar un importante hueco existente en la historiografía gallega. Si cada vez nos son mejor conocidas las diferentes facetas que muestra la represión franquista desde el comienzo de la guerra civil en Galicia, en cambio no existía hasta el momento ningún trabajo que, con pretensión de generalidad, abordase el tema de los espacios de reclusión. Pero no se trata de un mero trabajo de historia regional o local, Galicia, que queda en poder de los sublevados desde los primeros días de la guerra, permite estudiar con detalle el proceso de construcción de lo que será el sistema penitenciario franquista en la inmediata posguerra y, por otro lado, buena parte de la información utilizada no solo hace referencia a las prisiones gallegas sino que se trata de normas, ordenes o instrucciones que desde los organismos centrales alcanzan a todos los centros de reclusión existentes en España. Así pues, el estudio puede, sin ninguna dificultad, extrapolarse a un nivel nacional ya que da cuenta de las características y evolución del sistema penitenciario franquista en su totalidad, evidentemente, salvando las peculiaridades que presenta cada entorno geográfico o cada centro de reclusión concreto.

María Concepción Álvarez Gómez